



NOTA DE PRENSA 29/01/08

A "APDR" CELEBRA UNHA NOVA ASEMBLEA EXTRAORDINARIA

Co motivo do anuncio no DOG da apertura da exposición pública da documentación correspondente á solicitude da Autorización Ambiental Integrada (AAI) para a fábrica de ENCE en Lourizán, a Xunta Directiva da Asociación Pola Defensa da Ría ten convocado unha Asemblea Extraordinaria para o vindeiro XOVES DÍA 31 DE XANEIRO ÁS 20,15 H NA GALERÍA SARGADELOS DE PONTEVEDRA (Rúa Oliva).

Tendo en conta os últimos acontecementos que se teñen sucedido arredor do tema ENCE-ELNOSA (tanto no que fai ás declaracións de distintos representantes da Xunta de Galicia ao respecto dun posible traslado, como á situación que atravesan as AAI de ENCE e de ELNOSA), na APDR entendemos fundamental a toma de decisións urxentes para que -unha volta mais- a nosa asociación (e o conxunto da sociedade da bisbarra, que ven apoiando a nosa loita pola desaparición do complexo e pola recuperación da Ría) poida impedir a volta atrás na loita polo peche definitivo e inmediato do complexo industrial de Lourizán.

Neste sentido, na antedita asemblea daranse a coñecer os pasos dados pola vía xudicial desde a Xunta Directiva da APDR, encamiñados a impedir a concesión das respectivas AAI a ENCE e ELNOSA, e estudiaranse as distintas propostas para afrontar o proceso de exposición pública da AAI de ENCE, para o que xa adiantamos a nosa vontade de tramitar as oportunas alegacións.

Xa por último, informarase tamén dos novos pasos a dar cara á celebración dos 20 anos da APDR e do balanço de actividades desenvolvidas grazas á concesión dunha subvención por parte da Consellería de Medio Ambiente, así como da venda dos libros "20 anos na defensa do medio ambiente", que se poderá adquirir na propia asemblea.